

Profe, Enreguéifate!

TEMOS MADEIRA REGUEIFEIRA!

ACTIVIDADE FORMATIVA PARA PROFESORADO

6 de outubro de 2023
Santiago de Compostela

ENRE
JUEI
FATE

*A regueifa é unha flor, unha árbore, un bosque musical cheo de melodías, palabras e emocións.
Cantamos con palabras da cerna .*

Aprendemos a coidar a nosa natureza regueifeira.

Cantamos desde a raíz do toxo verde, a folla do carballo, a dureza do buxo e a flor do castiñeiro

Temos madeira regueifeira porque a regueifa circula desde as nosas raíces até o século XXI.

Temos madeira regueifeira porque a música crece co zume do noso idioma.

Temos madeira regueifeira porque a regueifa é substancia, terra, clorofila da nosa lingua.

A regueifa é de natureza patrimonial, o noso bosque autóctono da improvisación oral en verso.

Temos madeira regueifeira!



Información



Comezamos o Enreguéfate cun curso de formación para docentes que queiran comezar ou continuar coa regueifa como ferramenta de construción masiva.

Queremos contestar esta pregunta: *Para que nos serve a regueifa nas aulas?*

Obxectivos do curso:

- Fornecernos de enerxía e recursos materiais e inmateriais.
- Descubrir claves para traballar a regueifa co noso alumnado e a cultura do século XXI
- Botarnos a pacer na regueifa con actividades prácticas, saborosas e nutritivas!
- Coñecer os/as regueifeiros/as que van estimular o alumnado no proceso do Enreguéfate 2023-2024.

Inscricións: ata o 2 de outubro de 2023, cubrindo [este formulario](#), accesible tamén a través deste **QR** ou na web enregueifate.gal/profesorado-xornadas-enregueifate/



Programa

1. Formación:

Con Lupe Blanco, Josinho da Teixeira, Manolo Maseda e Séchu Sende. No Espazo Apego de Compostela. Dúas sesións de formación. 4 horas para aprender xogando. De 16.30 a 20.30 h.

Contidos:

- Como podemos o profesorado traballar coa regueifa nas aulas?
- Bases prácticas da regueifa.
- A regueifa do século XXI: diversa, feminista, festeira, adaptativa.
- A regueifa como mecanismo para a mudanza persoal e social: elementos emocionais, relacionais e dinámicas colectivas.
- O movemento social e educativo da improvisación oral en verso.
- O Proxecto Enreguéfate 2023-2024: un proceso aberto, participativo e expansivo.

2. Cea regueifeira: na Casa do Taberneiro, na Rúa de San Pedro.

*E ao rematar o curso
a ver quen chega primeiro
para papar uns petiscos
na Casa do Taberneiro.*

O curso fornecerá material-unidade didáctica para traballar a regueifa na aula.

Máximo: 40 prazas. De haber máis demanda, terá preferencia o profesorado dos concellos participantes e dos niveis aos que vai dirixido o proxecto Enreguéfate (5º e 6º de Educación Primaria e ESO).

Máis información: info@enregueifate.gal

